



Constitución para Europa?

Description



a Constitución Europea é na miña modesta opinión, un reforzo daquello que ata agora é o rompe cabezas de tratados que facían o proxecto europeo. É un engado que vencella ós Estados membros e supón un relance da política europea, despois dunha década de estancamento que fai que aínda que teñamos unha cláusula de desvinculación do proxecto europeo ninguén se atreva a deixalo polos altos custos que conleva a perda das vantaxes do mercado interno, ou a forte presión internacional que exerce o bloque en temas como a ecoloxía, o desenvolvemento, a representación no Consello de seguridade da ONU a través dos membros europeos que alí está sempre presentes, etc. É unha marcha cara adiante grazas á imposibilidade de ir cara atrás debido a estes altos custos dos que falamos.

Como cidadáns de a pé, vémonos ante a necesidade de asumir a nosa responsabilidade democrática de emitir o voto sobre o proxecto de constitución europea que se nos presentará ó comezo do vindeiro ano, e que polo xeral descoñecemos grazas ó euroescepticismo que parece envolver dende hai algún tempo o proxecto Europeo.

Unha serie de incógnitas nos asaltan cando facemos a mínima reflexión do contido deste novo tratado europeo: Que sentido ten unha Constitución para unha Europa que aínda non é un estado soberano? Que cambios fundamentais se propoñen nela? Cál é o rol que xogan as rexións como Galicia neste novo sistema organizativo de Europa? Téñennos en conta? Veranse a nosas vidas afectadas, nalgún senso, pola nova Unión Europea? Imos tentar de darlle respostas a estas preguntas, que clarificarían a dirección do noso voto aló polo mes de febreiro, cando esteamos na véspera do referendo.

Que lóxica ten unha constitución Europea?

As Constitucións tradicionalmente, son a norma básica dun Estado soberano (escrita ou non), dende a que se rexe todo o ordenamento xurídico dos poderes públicos. Alí é onde se establece a separación de poderes, a protección dos dereitos fundamentais e as liberdades. A constitución fixa e establece os límites entre poderes.

Pero hoxe, a constitución Europea non só pretende consolidar un marco xurídico dende unha base normativa existente, ou lexitimar normas que proveñan da tradición herdada. Se ben que a Constitución Europea clarifica o rol das institucións europeas (Parlamento Europeo, Comisión, Consello de Ministros), ten como fin derradeiro a consolidación dunha traxectoria histórica que se iniciou no pan-europeísmo de principios do século XX, seguíndolle os pasos ó austríaco Coudenhove-Kalergi, que nesa época de desorientación, de illacionismo americano, e da feble Sociedade de Nacións, mesmo chegou a convencer a autoridades como Winston Churchill da necesidade dunha Europa unida para evitar guerras. Cousa que como logo a historia había de amosar, non se puido evitar.

Dende aquela ata hoxe, moitas achegas se sucederon. E dende o Tratado de Roma de 1957, que así mesmo pretendía regatear as rivalidades franco-alemanas, ata esta suposta constitución que os nosos presidentes e primeiros ministros nos

presentan en referendos, hai un sen fin de tira e afrouxa entre os que cremos que temos unha casa común, porque non queda máis alternativa “pensen nos problemas globais do efecto invernadoiro, Kyoto, os movementos migratorios ou o terrorismo internacional”, e os que queren gardar as coutos de poder “nacional” en aras do “grandeur”, historias imperiais rancias e decadentes.

A cada etapa de avance a sucede unha reacción conservadora. Así foi nos 60 coa tensión creada polo inaceptable Plan Fouchet, o veto á entrada do Reino Unido en 1963 e 1967 e a crise da Chaise Vide, na que Francia se negaba a dar a torcelo brazo nas negociacións de reforma da PAC. O mesmo pasou nos 70 cando o relance da Haia (decembro de 1969) que parecía dar os seus froitos se estampou contra a impotencia dos Estados esclerotizados pola crise económica e polo noeud budgetaire que bloqueou a vida política europea ata 1984 (no consello europeo de Fontainebleau), dando paso ó empuxón que supuxo a Acta Única, o Paquet Delors, e o tratado de Maastricht , que nos deixa ás portas dos nosos tempos. Onde se produce, durante os anos 90, un novo impase sen avances de categoría nin en Amsterdam nin en Niza, cando ó saír xa se reclamaba unha nova reforma, que foi oficialmente proclamada un ano despois na declaración de Laeken, para poñerlle obxectivos claros e definidos á tarefa da Convención, que xa fora usada só unha vez, na configuración da Carta de Dereitos Fundamentais de Europa con certo resultado.

O caso é que se poden esgrimir moitas razóns para buscar unha nova reforma dos tratados, que ó final é deso do que se trata, pois a constitución é en principio un novo tratado que foi firmado e debe ser ratificado por Estados. Algunhas persoas afirman que se trata da necesidade dunha reforma institucional que se debía ter feito logo das progresivas ampliacións e que deixan obsoletas as estruturas dos seis estados que inicialmente conformaban a CEE. Se esa é a verdadeira causa o reparto de poder ten que axustarse ó peso específico dos estados o que leva á aceptación da dobre maioría por parte de estados como España ou Polonia igual que antes se compensou o valor decisorio alemán con respecto dos franceses, ou o holandés con respecto dos belgas.

Sen embargo, a pesares da lóxica inexpugnable deste razoamento, tendo a intuír algo máis profundo. O feito en cincuenta anos, máis aló das posibles dificultades puntuais, é dunha increíble eficacia e dinamismo e ningún proxecto político de tal envergadura se consolidou en tan pouco tempo. É unha dinámica de spill-over -como a denominan os americanos- que ten como fin un proxecto político común a partires da creación dun proxecto determinista económico, a CEE que nos leva máis tarde a afondar en función do perfeccionamento do mercado interno, o sistema monetario (Unión Económica e Monetaria, EURO), a xustiza (Schengen ou o espazo de seguridade e xustiza), logo a defensa europea, os sistemas sanitarios, a fiscalidade, a cultura, etc. Porque todo se pode xustificar en función do bo funcionamento do mercado único.

Podemos presentar xustificantes diversos para esta rápida aceleración dende o campo económico cara o afondamento político: as novas tecnoloxías da comunicación e do transporte nos nosos tempos, a xeneralización de similares pautas culturais e a mellor percepción dos intereses comúns, o maior intercambio poboacional como aceleradores do proceso, pero non deixa de ser paradoxal a creación dun ente de tal magnitude en tan pouco tempo sen represión e sen guerra; simplemente por adhesión, e nalgúns casos mesmo rexeitando territorios que noutros tempos serían benvidos, pero que agora tal vez poñen en perigo o modelo europeo.

En fin, no caso europeo e para responder á nosa pregunta inicial, ten sentido ter unha constitución? Si, para romper cos tabús dos estados. Hai que matar ós fillos para que poida herdar a nai. Europa. O caso é que tal e como apuntaba Pascal Lamy, esa Europa rosa dos 90, onde só parecía haber gobernos de esquerda, non deu os froitos que se esperaban dela. O paro e o Europesimismo medraron con gañas. A consolidación do proxecto europeo estancouse sen remedio, e ó mesmo tempo certas materias de interese “nacional” quedaron restrinxidas a veto tanto no tratado de Amsterdam coma no de Niza. Cada un na súa casa, por desconfianza ou interese nacional, como se desexe, obstaculizaron unha formulación política nova e sen precedentes que parecía ir demasiado rápido impondo políticas económicas “pacto de estabilidade- e mesmo chegando á retirada das moedas típicas de cada canto, nas que nalgún caso aínda se distinguía o perfil dun ditador.

Con máis receo que consulta, o pobo foise resignando á imposición dos seus gobernantes con tímidas queixas. O “euro meteunos un bo pau” dicían no meu pobo, coma se o euro entrase nos nosos petos por vontade propia e nos mallase a reo a economía familiar. O caso é que as achegas políticas ou económico-monetarias viñan feitas en moitos caso pola lealdade ministerial ó seus colegas Europeos e ó proxecto europeo, tendo por veces difícil xustificación ante o pobo, ó que se lle respondía con razóns abstractas e de complicada demostración. Faltas de lexitimidade para un pobo que non é consultado de algo que, aínda non sabendo moi ben de que se trata, quere emitir a súa opinión.

Como digo a Constitución Europea é na miña modesta opinión, un reforzo daquelo que ata agora é o rompe cabezas de tratados que facían o proxecto europeo. É un engado que vencella ós Estados membros e supón un relance da política europea, despois dunha década de estancamento que fai que aínda que teñamos unha cláusula de desvinculación do proxecto europeo ninguén se atreva a deixalo polos altos custos que conleva a perda das vantaxes do mercado interno, ou a forte presión internacional que exerce o bloque en temas como a ecoloxía, o desenvolvemento, a representación no Consello de seguridade da ONU a través dos membros europeos que alí está sempre presentes, etc. É unha marcha cara adiante grazas á imposibilidade de ir cara atrás debido a estes altos custos dos que falamos.

Cando calquera estado ratifique a constitución e esta sexa aprobado e en plena vixencia, non haberá posibilidades de volta atrás, nun futuro inmediato cando menos, polo feito de que se afonda na dinámica europeísta na que se entrou dende os 50, unha inercia tan forte que simplemente cunha representación simbólica como pode ser chamarlle constitución ó que en realidade é un tratado, xa non deixa saída de retorno. Tratarase pois dun matrimonio entre estados que crea o precedente para configurar logo unha constitución que afonde nos aspectos que os británicos chaman "cored lines", e que aínda quedan vetados no presente. Fiscalidade, sanidade, política exterior, defensa, cultura son todas elas materias pendentes da unanimidade por considerarse intereses fundamentais dos Estados soberanos membros da Unión. Estados soberanos, e non as rexións nin os pobos de Europa, que seguen a ser a unidade básica do proxecto europeo aínda que nos pese.

Cales foron os temas críticos onde os Estados se negaron a cooperar?

Canda membro ten asuntos da máxima particularidade, dependendo de como vai a súa economía, das vantaxes comparativas de cada un, ou do modelo cognitivo de administración (continental/atlantista), e tenden a resistirse á ampliación das materias que se pretendan reformar a maioría cualificada. Por poñer algúns exemplos, durante toda as negociacións de CIG tanto de Bruxelas en decembro 2003 como da aprobación final en xuño 2004, o Reino Unido, Irlanda e Luxemburgo pretenderon impedir medidas en contra da dumping social ou fiscal, que afecta o nivel de inversións no resto dos socios da Unión. Francia e Alemaña premeron para levar a cabo unha mínima harmonización. Pero a resistencia viuse respaldada coa entrada dos novos socios do leste, que apostan por estratexias marcadamente liberais sobre a imposición ás empresas, promovendo atracción das inversións estranxeiras. O mesmo pasou con España que intentaba bloquear as reformas dos fondos estruturais e de cohesión, así como á reforma da ponderación dos votos no consello coa adopción da dobre maioría que tanto interesaba a Alemaña en razón do seu maior peso demográfico, ou con Francia en materia cultural ou en temas agrícolas onde fai falla unha minoría de blocaxe para seguir gozando do status quo vixente.

En resumo, os temas da discordia foron por orde de importancia o peso de cada Estado nas votacións do Consello de ministros da Unión, onde España e Polonia se opuxeron ó borrador da constitución presentada por Giscard d'Estaing que mantiña a necesidade dunha votación se a proposta estaba apoiada polo 50% dos estados membros representando o 60% da poboación. Aferrábanse ó sistema convidado nas negociacións de Niza, pero finalmente en xuño, a dobre maioría había quedar reflectida no artigo I-24 co apoio do 55% dos estados membros e o 65% da poboación con dous sutís matices: se tres estados membros son quen de bloquear o Consello de ministros co 65% da poboación a Constitución esixe o requisito de que sexan catro os estados en contra, co cal se reduce a posibilidade de inmovilismo.

A minoría de blocaxe quedou constituída por catro membros do Consello, e finalmente se os estados membros pretenden levar adiante algunha acción pola súa conta e sen participación da Comisión a través da facultade de iniciativa que lle foi tradicionalmente concedida, ou ben sen unha proposta que veña do novo ministro de asuntos exteriores da Unión, a maioría elévase a 72% dos estados membros co 65% da poboación, co cal se centra máis nos intereses a maioría dos gobernos que no peso demográfico que estes representen. O procedemento estaría vixente, de ratificarse a Constitución Europea, dende novembro 2009.

Outra disputa referíase ó número de comisarios por país. Os líderes acordaron finalmente, cortar o número de comisarios a un por estado membro, que xunto co novo ministro de asuntos exteriores da Unión e co presidente elevan a 17 o número de comisarios. En 2014, un novo sistema rotatorio con duración de cinco anos entrará en vixencia. Os estados pequenos resistíanse a perder o seu representante pois a lóxica de que os comisarios representan o interese supranacional, podería xustificar chegando ó extremo, que media comisión tivese a mesma nacionalidade.

A relixión, acentuado co problema da candidatura turca á Unión foi tamén outro dos temas de controversia. España, Polonia, Portugal, Malta e Irlanda querían un preámbulo da constitución no que se incluía a referencia á Cristiandade ou a tradición xudeo-cristiana. Pero isto opóñase frontalmente á concepción rixida da separación Estado Igrexa de membros

como Francia, nun momento de tensión como era o da prohibición do uso dos veos nas escolas. O texto final reflexa unha derrota para os promotores desta idea: *“Drawing inspiration from the cultural, religious and humanist inheritance of Europe, from which have developed the universal values of the inviolable and inalienable rights of the human person, democracy, equality, freedom and the rule of law”*.

Houbo tamén discrepancias respecto da cláusula de defensa común, á que se opoñían irlandeses, austríacos, suecos e fineses, que son tradicionalmente neutrais. A cláusula final, queda un tanto confusa pois o artigo I-40 (7) establece: *“If a Member State is the victim of armed aggression on its territory, the other Member States shall have towards it an obligation of aid and assistance by all the means in their power, in accordance with Article 51 of the United Nations Charter. This shall not prejudice the specific character of the security and defence policy of certain Member States”*.

Pero ó mesmo tempo outras obrigas se estampan no tratado, como por exemplo o artigo I-42: *“Solidarity clause”* ou o artigo III-231, un artigo novo que completa o anterior en caso de agresión a un dos estados membros. Ó cabo do día, en política exterior, glorificouse o feito de poder crear unha pequena unidade que representa a defensa europea fora do marco da OTAN. George W. Bush permitiu que Anthony Blair se unise a Francia e Alemania para concluír un acordo que permitise a creación dunha pequena célula de defensa europea encargada dea planificación estratéxica de operacións cívico-militares no seo da Unión. Pero se rachar cos vínculos que unen á EU e a OTAN.

Sen embargo as regras do proxecto de constitución (artigo I-43) en materia de cooperación reforzada que permiten avanzar a certos membros da Unión en materia de defensa. Iso si, as condicións son draconianas, pois fai falla unha decisión do consello á maioría cualificada e unha base dun terzo de estados participando, e realmente é dubidoso se existan 9 estados en Europa coa ambición de escapar da tutela dos EEUU no cadro da OTAN.

Como podemos facer familiar unha constitución de 325 páxinas?

A constitución española ten mais ou menos 60 páxinas. O proxecto de Constitución Europea 325. Isto fala ben ás claras da importancia do xogo que temos entre mans, do diálogo intergubernamental, e das resistencias nacionais que requiren follas e máis follas explicando a lóxica das propostas, e as excepcións se tal é o caso.

Pregúntome cantos dos votantes da constitución española do 78 a tiñan lido antes da emisión do voto, eu síntome exculpado pois aínda que a lin algúns anos despois, non tiña idade suficiente para dar a miña opinión. Desta volta tampouco vai ser unha excepción, se ben temos que facer que na medida do posible se popularice o texto para que a identificación con Europa se agrande e desapareza o que eu chamaría *“euroescepticismo”*. Isto suporía incorporar unha dimensión europea na visión de canda un, porque convén que os cidadáns saiban que a maioría das leis votadas polos seus respectivos parlamentos e polas que se rexen cada día, non proceden de iniciativas do seu goberno nin da representación nacional, senón de unha transposición de normas e decisións adoptadas ó nivel dos 25 estados membros nas instancias europeas.

O tratado de Consello Europeo de Niza en decembro 2000, abriu un fondo debate sobre o futuro de Europa onde dúas cuestións quedaron no aire. Que imos facer nunha unión de 27 ou incluso 35? e cómo? Detrás destas preguntas agóchase a concepción do modelo de Unión que queremos. Que está aínda por decidir. A constitución que agora se presenta é un *“sketch”* da Europa futura que pode ou non ser aprobada nos vindeiros referendos estatais, pero que é cando menos un intento de dar respostas. O modelo que a constitución presenta é un modelo aberto, cunha división de competencias entre os Estados membros e a Unión, tal e como se pedía na Declaración de Laeken, que pode ser modificado dependendo das incidencias, e que permite o intercambio en ambas direccións a través das cláusulas *“pasarellas”*.

Para Galiza como pequeno recanto occidental, non nos saen as contas. Parece que nun mundo globalizado se require a presenza dun Estado que nos represente directamente nos foros de difusión federal. E Galiza non é un estado soberano. Nós *“como país, como Comunidade Autónoma de Galicia”* non temos nin voz nin voto neste proxecto de constitución que se define orgullosamente no preámbulo como *“proud of their own national identities and history”*... É por tanto un proxecto dos Estados Nación, nos que as rexións como Galiza se insiren de maneira indirecta a través do principio de *“subsidiariedade”* (Artigo I-9: Fundamental principles), e por tanto non é unha aposta de tódolos pobos de maneira individual e igualitaria.

Así mesmo no artigo I-1 se explica en maior detalle: *“1. Reflecting the will of the citizens and States of Europe to build a common future, this Constitution establishes the European Union, on which the Member States confer competences to attain objectives they have in common”*. Aquí establecece a Unión Europea como froito do desexo individual do

ciudadán que será finalmente medido a través da aprobación nos respectivos referendos, e de novo da vontade dos Estados soberanos que a compoñen. É importante deixar clara as críticas antes de proseguir no análise da constitución, no que forzosamente hai aspectos positivos tamén. Por tanto, queda claro xa nas primeiras liñas, que esta constitución non é a constitución dos pobos de Europa, senón dos Estados de Europa.

Os estados membros son reticentes, sen embargo, á hora de perder o control de certas materias como educación, seguridade social, cultura, e sanidade porque substancialmente é o corazón da cohesión económico e social. Pero ó mesmo tempo os avogados do federalismo europeo, sácanlle prebendas e condicións que nos leven a un maior grao de europeísmo e supranacionalidade en función do bo funcionamento do mercado interno ou daquelas materias que sexan transfronteirizas. Todo pode ser transfronteirizo afectando o mercado interior.

O artigo I-5 clarifica as relacións entre a Unión e os Estados membros, mesmo respecto das estruturas internas e o autogoberno, establecendo o principio de cooperación leal que obriga ó cumprimento por parte dos Estados membros das instrucións da Constitución e das institucións da Unión. Son cláusulas que se espallan polo tratado dando pé a infinidade de obrigas e a sentencias do tribunal de xustiza que incrementen as potencialidades do tratado, tal e como xa se fixo con famosas sentencias como *Cassis Dijon*, *Keck et Mithouard*, ou *Dassomville*, ou simplemente deixen as cousas como están.

Probablemente a Constitución sexa como dicimos un enxeño para restaurar a credibilidade no proxecto europeo, pero iso xa pasou tamén do mesmo xeito nos Estados Unidos e hai que ver o ben que lles vai. É por tanto un medio de lexitimar o proxecto común a través dun tratado feito por unha convención de notables, que sendo un mal menor, supón un cambio respecto das antigas formas de negociación e terxiversación en conferencia intergubernamental, aínda que non hai que esquecer que a CIG sigue a ter a palabra final no retoque do tratado tal e como fixo o pasado xuño.

A constitución habilita logo, a atención do cidadán no marco europeo, pois os exemplos de Irlanda e Dinamarca ou Suecia cos seus respectivos referendos, abócanos á necesidade da consulta directa como medio de espertar a conciencia colectiva sobre os focos de poder que están fora da nosa comunidade autónoma, ou de Madrid. Amais, incorpora a Carta de dereitos fundamentais que nos artigos II-21 e II-22 establece a protección das minorías e da diversidade lingüística. Se ben, aínda correndo o risco de ser moi crítico, habería que afirmarse na timidez coa que se responde ó problema das culturas minoritarias como a galega, na voráxine e magnitude da nova Unión Europea, que responde á oposición e falla de compromiso dalgúns estados como o Francés na materia.

En canto á representación das rexións no comité de rexións, a constitución ábrelle a porta ó Comité de Rexións para acudir ó tribunal de xustiza (artigo III-270) da Unión co obxectivo de protexer as súas prerrogativas, ó igual que fai coa Corte de auditores, e o Banco Central Europeo. O problema é a heteroxeneidade de intereses do Comité de Rexións que Jordi Pujol nunca recoñeceu como interlocutor válido no seu da Unión.

Noutro apartado afirmase que o Comité debe ser consultado en temas de cooperación transfronteiriza, e recoñécese o dereito de dar a opinión enviándolla ó Consello, Parlamento Europeo ou Comisión cando así o considere oportuno (artigo III-294).

Cales son as achegas da Constitución?

Os tres obxectivos primixenios enfocados pola Convención -da transparencia, eficacia e maior lexitimidade democrática- alcanzáronse parcialmente. Nos aspectos de reforzamento da lexitimidade hai achegas. A nova constitución supón un gran avance na apertura ó público das negociacións levadas a cabo no Consello e no fortalecemento das competencias do Parlamento europeo, así como nas incorporacións de novos elementos de control e información dos parlamentos nacionais que poden esixir a revisión das propostas da Comisión Europea se non se axustan ó principio de subsidiariedade, e da iniciativa popular que se debe iniciar en varios estado membros a un tempo. Non se pode dicir o mesmo da información ás cámaras autónomas como a galega, por poñer por caso, que queda relegada ó ordenamento interno do estado como parte da consagración do principio de subsidiariedade. Queda, logo á vontade política do goberno de turno.

De tódolos xeitos os parlamentos nacionais quedan vinculados en maior medida ó proceso de integración europea, e os seus membros estarán envoltos na discusión de temas europeos. Asemade, a incorporación da carta de dereitos fundamentais aínda que sendo un avance, é un alarde de dubidosa eficacia de imposición directa na vida cotián quedándose nunha mera expresión do desexo europeo.

En canto á eficacia, tamén se apuntan certas reformas. O balance das tres institucións, Comisión Europea, Consello de

ministros e Parlamento Europeo queda clarificado reforzándose a codecisión ata o extremo do 95% das normas europeas, e o rol internacional da Comisión a excepción da política exterior de seguridade común que se seguirá rexendo intergovernamentalmente.

Habilitase o Consello Europeo de xefes de Estado e Goberno como unha institución diferente con obriga de reforzar lazos e manter reunións con maior frecuencia, e apórtase a figura do ministro de asuntos exteriores da UE “nomeado polo Consello Europeo de xefes de Estado e Goberno- que é a fusión do alto representante do consello e o comisario de relacións externas co cal ven a ser o mandado do consello e da comisión ó mesmo tempo. Tamén a constitución prevé que o consello europeo de xefes de Estado teña un presidente por dous anos e medio, sendo elixido a través de maioría cualificada que substituiría a presidencia rotatoria do consello. Aínda así un grupo de pequenos estados cre que isto beneficiaría ós grandes mastodontes europeos, e queren que continúe o sistema rotatorio de seis meses. En todo caso as reformas poderían levarse a cabo por maioría cualificada no consello.

Finalmente, establécese a dobre maioría como antes apuntamos e a unha Comisión europea de un membro por estado. Tamén debemos referirnos a dúas cláusulas importantes no tratado. A cláusula de saída (Artigo I-59) é introducida por primeira vez na constitución para deixar que aqueles países que o desexen se sintan libres de romper os acordos coa unión. A cláusula de suspensión (Artigo I-58) serve de garantía par excluír ós estados que violen algún dos principios fundamentais da Unión, e teña como precedente do artigo 7 do tratado da UE.

A simplificación dos tratados que virían a ser remprazados pola nova constitución, responde tamén ó obxectivo da eficacia. Nesta simplificación, se presenta a distribución de competencias entre a Unión e estados membros, e a unión dos tres piares deixando procedementos especiais para a política de seguridade común, así como a simplificación dos procedementos, pois chegaronse a identificar máis de vinte instrumentos normativos emitidos polas instancias europeas. Calquera modificación require a unanimidade, e reflíctese por primeira vez a cooperación reforzada en materia de política exterior e seguridade común.

Algunhas críticas achácanlle a este documento o feito de promover sen debate, o libre comercio, a competencia, e a prohibición de toda barreira ó libre movemento de capital, á independencia da banca central, etc., como parte do interese xeral ou do interese común. É certo que estas opcións políticas non son presentadas como opinións que se poida subscribir e están á altura de propostas como a busca da paz ou a promoción do progreso científico e o pleno emprego, pero tamén hai que dicir que responde de forma lóxica á ineptitude da Europa rosa dos anos noventa, onde os gobernos de esquerda defraudaron na consolidación dunha Europa mellor, que xunto coa caída do comunismo deixa ós promotores do mercado o temón do proxecto europeo.

O procedemento ordinario de revisión (artigo IV-7) estipula que as emendas teñen que ser feitas por tódolos estados membros conforme ás súas regras respectivas co cal se dificulta a reforma de gran medida e se asina unha constitución de carácter ríxido. Pois un só goberno entre 25 pode impedir as modificacións. Para os detentores deste tipo de ideoloxía liberal significa a consagración dos seus principios na estrutura da constitución europea, indiscutiblemente.

Cambiará a nosa vida con esta constitución?

A nova constitución pode aportarnos unha maior visibilidade de Europa no sentido que os parlamentos nacionais poderán tratar de bloquear iniciativas europeas sobre todo cando se enfoquen aspectos relevantes da vida nos estados membros. Ó mesmo tempo, a maior transparencia fai que non sexa tan facilmente posible a eludir responsabilidades por parte dos ministros cada vez que se toma unha decisión no consello de ministros europeo, pois deberían responder ante as cámaras nacionais, agora que estarán mellor dotadas e informadas. Tal vez tal e como se fai en Westminster, sería necesario acudir antes e despois to cada reunión para dar contas do en Bruxelas, e evitar desta maneira a hipocrísia de culpar ás entidades europeas dos problemas que temos na casa.

Para os máis federalistas a constitución parece quedarse en pouco pois non entra a cortar en materias importantes aínda sometidas ó veto dos estados membros como a fiscalidade ou a defensa, pero ó mesmo tempo para os euroescépticos existe un gran temor á intromisión da unión en función do bo funcionamento do mercado interno.

A orientación que se lle dea ós artigos da constitución dependerá fundamentalmente das crenzas e das ambicións das persoas que se senten nas cadeiras da Comisión, do Parlamento Europeo, do compromiso con Europa dos gobernos de turno en cada país, e dos xuíces que ocupen praza no na Corte de Xustiza da Unión. Así mesmo, tévese cal pode ser influencia de novas personaxes como o ministro de asuntos exteriores da unión ou o presidente do consello europeo de xefes de estado. A comisión ve a este presidente como unha potencial ameaza para o seu rol central nas instancias europeas.

Galicia seguirá sendo unha convidada de pedra, se non se traspasa a barreira do diálogo entre os estados cunha perspectiva estratéxica, xa que no fondo é posible mudar situacións adversas. Isto próbese co feito de pouco a pouco ir recoñecéndolle usos ás linguas minoritarias no parlamento Europeo, que é dito sexa de paso, unha boa vía de entrada a Europa, máis tendo en conta que agora se gañan ámbitos de poder para a codecisión no novo proxecto de constitución europea. Pero é necesario crear alianzas para que os nosos intereses se reflectan correctamente.

Por outro lado fai falla máis apertura e interese por parte das elites político-económicas galegas. A vertente exterior das institucións debe ser potenciada e os departamentos de estudos europeos teñen que multiplicarse, pois non é posible que por exemplo os parlamentarios galegos non conten con asesoramento europeo ou que a federación Galega de municipios e provincias non dispoña dunha comisión de relacións externas. Isto conseguirase só na medida en que os galegos sexan capaces de romper cos clichés da comprensión do mundo dende as fronteiras do estado español e da perpetua dependencia.

Queda a incógnita de saber se chegará verdadeiramente a facerse unha Europa máis democrática e hai gran incerteza ó respecto dos referendos que se deben celebrar no 2005 e 2006. Se logra a aprobación para o documento, os estados membros ratificarían a constitución antes da finalización do 2006. Caso contrario, haberá un retraso mentres se atopa unha solución, que pode ser a repetición do referendo ou ben que pode parecerse moito ós opting-in, opting-out creados logo do referendo danés.

No caso español, non esquezamos que o Tribunal Constitucional aínda ten que expresarse ó respecto da reforma constitucional previa ó referendo de febreiro. Pois como xa foi o caso despois do tratado de Maastricht, algúns aspectos das constitucións dos estados membros chocan coa que pode ser a Carta Magna Europea.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Decembro 5, 2004

Meta Fields

Autoria : 3746

Datapublicacion : 2004-12-05 00:00:00